



RESOLUCIÓN do 12 de novembro de 2021, do tribunal designado para xulgar as probas selectivas para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio

Por Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG número 215, do 20.10.2021) foi nomeado o tribunal para xulgar as probas selectivas para ingresar por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia (grupo A), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021, (DOG núm. 123, do 30.6.2021).

O tribunal, constituído o día 11 de novembro de 2021, acordou, en conformidade co disposto na base 6.1.4., que o primeiro exercicio terá lugar o luns, día 20 de decembro de 2021, no Salón dos Reis, no andar baixo da sede do Parlamento de Galicia, na rúa do Hórreo, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 9.30 horas.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Na realización da proba serán aplicables as normas de prevención fronte á covid-19 vixentes nese momento.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2021
Raquel Rodríguez Carro
Presidenta do tribunal